

ANEXO II
ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN

ALEMÁN

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Fit in Deutsch 1. Goethe Institut • Start Deutsch 1. Goethe Institut • Sprachkenntnisnachweis (SKN) • Kompetenz in Deutsch 1 (KID 1) 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Fit in Deutsch 2. Goethe Institut • Start Deutsch 2. Goethe Institut • Kompetenz in Deutsch 2 (KID 2) • Título de Bacharelato (alemán 1ª lingua estranxeira) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Alemán nivel A2 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en tradución e interpretación (alemán lingua B) 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Zertifikat Deutsch (ZD). Goethe Institut/Österreichisches Sprachdiplom • Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF). Goethe Institut • Zertifikat Deutsch für Beruf (ZDfB). Goethe Institut • Zertifikat Mittelstufenprüfung (ZMP). Goethe Institut • Prüfung Wirtschaftsdeutsch (PWD). Goethe Institut • Mittelstufe Deutsch. Österreichisches Sprachdiplom • Wirtschaftssprache Deutsch. Österreichisches Sprachdiplom • Goethe Zertifikat B2 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Kleines Deutsch Sprachdiplom (KDS). Goethe Institut • Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP). Goethe Institut • Licenciatura en filoloxía alemá • Goethe Zertifikat C1 	AVANZADO 2

ÁRABE

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
• UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Árabe nivel A2	INTERMEDIO 1
• Licenciatura en filoloxía árabe	AVANZADO 2

CHINÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
• Diploma de chinés HSK (nivel 1)	BÁSICO 3
• Diploma de chinés HSK (nivel 2 ou básico C) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Chinés nivel A2	INTERMEDIO 1
• Diploma de chinés HSK (nivel básico A)	INTERMEDIO 2
• Diploma de chinés HSK (nivel 3 ou elemental A)	AVANZADO 1
• Diploma de chinés HSK (nivel 4, nivel 5 nivel, 6 ou intermedio A, avanzado C ou avanzado)	AVANZADO 2

ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A1	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A2	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel inicial• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B1	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none">• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel intermedio• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel superior• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B2• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C1• Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C2	AVANZADO 2

FRANCÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • DELF A1. Alianza francesa 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • DELF A2. Alianza francesa • Título de Bacharelato (francés 1ª lingua estranxeira) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Francés nivel A2 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en tradución e interpretación (francés 2ª lingua) • Diplomatura en maxisterio (especialidade francés) • DHEF. Diploma de altos estudos. Alianza francesa • DS. Diploma superior de estudos franceses modernos. Alianza francesa 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • DELF B1. Alianza francesa 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • DELF B2. Alianza francesa • DALF C1. Alianza francesa • DALF C2. Alianza francesa • Licenciatura en filoloxía francesa • Licenciatura en tradución e interpretación (francés 1ª lingua) 	AVANZADO 2

GALEGO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Curso de iniciación de lingua galega • CELGA 1 	<p>BÁSICO 2 BÁSICO INTEGRADO</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Graduado en ESO con materias de lingua galega • Título de Bacharelato con materias de lingua galega • Curso de perfeccionamento de lingua galega • Curso de especialización de lingua galega • CELGA 2 	<p>INTERMEDIO 2 INTERMEDIO INTEGRADO</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Diplomatura en maxisterio con materias de lingua galega • Licenciatura en calquera filoloxía con materias de lingua galega • Licenciatura en xornalismo con materias de lingua galega • Licenciatura en filoloxía portuguesa • CELGA 3 	<p>AVANZADO 1 AVANZADO INTEGRADO</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en filoloxía galega ou galego-portuguesa • Licenciatura en tradución e interpretación (lingua A galego) • CELGA 4 	<p>AVANZADO 2</p>

INGLÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • KET (Key English Test). Universidade de Cambridge • Certificado (A1 do MCER) do Programa CUALE. • IELTS (3.0). Universidade de Cambridge 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • PET (Preliminary English Test). Universidade de Cambridge. • IELTS (4.0). Universidade de Cambridge • ECCE (Examination for the Certificate of Competency in English). Universidade de Michigan • Título de Bacharelato (inglés 1ª lingua estranxeira) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Inglés nivel A2 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en tradución e interpretación (inglés 2ª lingua) • Diplomatura en maxisterio (especialidade filoloxía inglesa) • TOEFL (Test of English as a Foreign Language) con data dos últimos 5 anos. • IELTS (5.0). Universidade de Cambridge 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • FCE (First Certificate in English). Universidade de Cambridge • ECPE (Examination for the Certificate of Proficiency In English). Universidade de Michigan. • IELTS (6.0). Universidade de Cambridge 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en filoloxía inglesa • Licenciatura en tradución e interpretación (inglés 1ª lingua) • CAE (Certificate in Advanced English). Universidade de Cambridge • CPE (Certificate of Proficiency in English). Universidade de Cambridge • IELTS (7.0-9.0). Universidade de Cambridge 	AVANZADO 2

ITALIANO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 1 (CELI 1). Universidade de Perugia 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 2 (CELI 2). Universidade de Perugia • CILS A2 (Università per Stranieri di Siena) • PLIDA A2 (Società Dante Alighieri di Roma) • DELI A2 (Diploma Elementare di Lingua Italiana "Firenze" - Accademia Italiana di Lingua) • base.IT (livello A2 - Università degli Studi di Roma Tre) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Italiano nivel A2 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • 2º curso Instituto Italiano de Cultura • Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3). Universidade de Perugia 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • 3º curso Instituto Italiano de Cultura • Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4). Universidade de Perugia • CILS Uno B1 (Università per Stranieri di Siena) • PLIDA B1 (Società Dante Alighieri di Roma) • DILI B1 (Diploma Intermedio I di Lingua Italiana "Firenze" - Accademia Italiana di Lingua) • ele.IT (livello B1 - Università degli Studi di Roma Tre) 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • CILS Due B2 (Università per Stranieri di Siena) • PLIDA B2 (Società Dante Alighieri di Roma) • DILI B2 (Diploma Intermedio II di Lingua Italiana "Firenze" - Accademia Italiana di Lingua) • int.IT (livello B2 - Università degli Studi di Roma Tre) • CILS Tre C1 (Università per Stranieri di Siena) • PLIDA C1 (Società Dante Alighieri di Roma) • DALI C1 (Diploma Avanzato I di Lingua Italiana "Firenze" - 	AVANZADO 2

<p>Accademia Italiana di Lingua)</p> <ul style="list-style-type: none"> • CILS Quattro C2 (Università per Stranieri di Siena) • PLIDA C2 (Società Dante Alighieri di Roma) • DALI C2 (Diploma Avanzato II di Lingua Italiana "Firenze" - Accademia Italiana di Lingua) • IT (livello C2 - Università degli Studi di Roma Tre) • Licenciatura en filoloxía italiana 	
---	--

PORTUGUÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Certificado inicial de português língua estrangeira (CIPLE) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Portugués nivel A2 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en tradución e interpretación (lingua C portugués) 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma Elementar de Português Língua Estrangeira (DEPLE) • Diploma Intermédio de Português Língua Estrangeira (DIPLE) • Licenciatura en filoloxía galega ou galego-portuguesa • Licenciatura en tradución e interpretación (lingua B portugués) 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma Avançado de Português Língua Estrangeira (DAPLE) • Diploma Universitário de Português Língua Estrangeira (DUPLE) • Licenciatura en filoloxía portuguesa 	AVANZADO 2

RUSO

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • BLT / ТБУ (Basic Level Test. Universidad Estatal de Moscú) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Ruso nivel A2 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • TORFL-1 / TRKI-1 (Test of Russian as a Foreign Language - Intermediate. Universidad Estatal de Moscú) 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • TORFL-2 / TRKI-2 (Test of Russian as a Foreign Language - Advanced. Universidad Estatal de Moscú) 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • TORFL-3 / TRKI-3 (Test of Russian as a Foreign Language - Advanced. Universidad Estatal de Moscú) • TORFL-4 / TRKI-4 (Test of Russian as a Foreign Language - Advanced. Universidad Estatal de Moscú) • Licenciatura en Filología Eslava 	AVANZADO 2

XAPONÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • 日本語能力試験 - Noken / Japanese-Language Proficiency Test N4 (JLPT N4 - Japan Foundation) 	BÁSICO 3
<ul style="list-style-type: none"> • 日本語能力試験 - Noken / Japanese-Language Proficiency Test 3 (JLPT 3 - Japan Foundation) 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • 日本語能力試験 - Noken / Japanese-Language Proficiency Test 2 / N2 (JLPT 2 / N2- Japan Foundation) 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • 日本語能力試験 - Noken / Japanese-Language Proficiency Test 1 / N1 (JLPT 1 / N1 - Japan Foundation) 	AVANZADO 2

ANEXO III

PROCEDIMENTO DE PREINSCRICIÓN EN LIÑA

1. Acceso ao sistema
2. Entrada á aplicación
3. Procedemento de matriculación
4. Confirmación de matrícula

1. Acceso ao sistema

O acceso á preinscrición en liña realizarase desde a dirección:

<https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

2. Entrada á aplicación

I. Datos de identificación

A persoa que desexa solicitar unha praza nas escolas oficiais de idiomas deberá darse de alta no sistema. Para iso deberá indicar a súa *data de nacemento* e o seu *número de DNI ou NIE*.

O formato destes campos indicárase na pantalla:

- Data de nacemento: dd-mm-aaaa
- DNI: 8 díxitos seguidos dunha letra
- NIE: comezará por X, Y ou Z, seguido de 7 díxitos e finalizado pola letra correspondente.

II. Datos persoais

Unha vez se acceda coa data de nacemento e o número identificativo, terase acceso a una primeira pantalla de captura de datos persoais.

Haberá unha serie de campos de requirido cumprimento para seguir co proceso de solicitude. Os datos que se solicitan son de nacemento e de residencia.

Igualmente terase que introducir un *contrasinal* que *permitirá con posterioridade acceder ao proceso de preinscrición en liña*.

Para os casos de perda de contrasinal pedirase tamén unha pregunta/resposta secreta que permita recuperar o contrasinal.

Os datos introducidos poderán ser modificados con posterioridade, sempre e cando o usuario posúa os datos de acceso.

3. Solicitude de praza

Unha vez cumprimentados todos os campos de datos persoais, e a continuación das pantallas de confirmación, accédese á solicitude de prazas.

A pantalla conta en primeiro lugar con dous cadros despregables de datos nos que hai que indicar o **idioma** solicitado e o **curso**.

A oferta é conxunta entre todas as escolas oficiais de idiomas de Galicia, polo que no despregable aparecerá a oferta de todas as EOIs.

A orde para solicitar unha praza é a seguinte:

- I. Elección do idioma.
- II. Elección do curso dos ofertados para o idioma seleccionado anteriormente.
- III. Elección do centro no que se desexe a praza.
- IV. Elección do grupo segundo os ofertados.

Os puntos III e IV poden ser repetidos varias veces nunha mesma solicitude.

A solicitude é única por idioma, é dicir, un mesmo solicitante non poderá realizar máis dunha preinscrición para un mesmo idioma.

Dentro da preinscrición poderase realizar varias opcións para unha mesma solicitude.

A solicitude realizada poderá ser consultada, modificada e incluso eliminada en calquera momento e sempre que o proceso non estea cerrado segundo os prazos establecidos.

O sistema poderá emitir resgardos como garantía da solicitude da praza.

4. Modificación de solicitudes realizadas

Se o prazo de preinscrición non está pechado, a través da mesma páxina é posible acceder á información introducida e poderanse modificar tanto os datos persoais como as preinscricións.

Poderanse engadir novas preinscricións, modificar opcións dentro dunha preinscrición e mesmo eliminar preinscricións existentes.

O acceso por segunda e posteriores veces realizarase coa data de nacemento, o DNI/NIE e o **contrasinal indicado** no momento da alta.

5. Consulta de solicitudes

Durante todo o proceso poderase acceder á consulta das solicitudes realizadas.

Unha vez realizada a adxudicación de prazas, na consulta de preinscricións poderase ver se a solicitude está admitida ou non.

6. Adxudicación de prazas

A adxudicación de prazas realizarase da seguinte maneira:

- I. Ordenaranse alfabeticamente a todas as persoas que solicitaran un mesmo idioma.
- II. Tomarase como primeiro/a alumno/a o/a que corresponda segundo a letra do seu primeiro apelido que resulte do sorteo realizado para a asignación de prazas.
- III. Comprobaranse as peticións efectuadas polo/a solicitante e se hai dispoñibilidade no primeiro grupo solicitado asignaráselle praza

inmediatamente, descartando o resto de peticións feitas para ese mesmo idioma por esta persoa.

- IV. Se non hai prazas dispoñibles na primeira opción, tense en conta a súa segunda opción e así sucesivamente. En caso de que en ningunha das opcións solicitadas existan prazas vacantes, descartarase a esta persoa e continuarase coa seguinte da lista.
- V. Unha vez comprobadas as peticións de todos os solicitantes, xerarase unha lista de reservas, que terá en conta unicamente a primeira opción solicitada e comezará pola primeira persoa solicitante que non obtivera praza.

7. Confirmación de matrícula

A confirmación de matrícula realizarase pola mesma aplicación que se utiliza na matriculación oficial segundo se dispón no anexo IV.

ANEXO IV

PROCEDIMIENTO DE MATRICULACIÓN EN LIÑA

1. Acceso ao sistema
2. Identificación do alumno
3. Proceso de matriculación
4. Presentación de documentos
5. Descarga á aplicación do Centro

1. Acceso ao sistema

O acceso á matriculación en liña realizarase desde a plataforma Centrosnet na dirección que cada centro ten asignada. Habilitarase tamén unha entrada xenérica para que se poida acceder a calquera centro desde un mesmo enlace:

<https://www.informaticacentros.com/xunta>

2. Identificación do alumnado

I. Alumnado oficial curso 2010-2011

O alumnado oficial do curso 2010-11 xa ten acceso a Centrosnet, polo que accederá á aplicación de matrícula utilizando o usuario e contrasinal que posúe. O usuario será o número de **expediente** do alumno e como contrasinal utilizarase o **DNI** do alumno (en caso de dúbida, consulte coa escola).

II. Novo alumnado

O alumnado que provén da preinscrición, dado que aínda non teñen un número de expediente asignado, deberá substituír o número de expediente pola súa data de nacemento. Mantense o DNI como contrasinal para este alumnado.

Nas páxinas da preinscrición haberá un enlace directo á zona de matriculación.

3. Proceso de matriculación

I. Reserva de praza de matricula

Ao entrar na aplicación, o alumnado accederá a unha pantalla con información acerca do curso no que lle corresponde matricularse, podendo elixir un grupo dos que se lle oferten. Esta oferta de grupos poderá verse na pantalla á que accede o/a alumno/a.

Unha vez fora confirmada polo/a alumno/a, a selección do grupo no que se matricula non poderá ser modificada nin anulada.

No caso do alumnado que proveña da preinscrición, o grupo xa estará fixado e o/a alumno/a só poderá confirmar ou rexeitar a súa matrícula no grupo correspondente.

Ao confirmar a matrícula, o sistema xerará un resgardo onde se indicará o idioma, curso e grupo que fora seleccionado, así como o día e hora na que se grava a súa solicitude.

O/A alumno/a recibirá información das taxas correspondentes para que poida efectuar o correspondente pago na entidade bancaria ou polos procedementos establecidos.

Ata este momento a praza estará en reserva, pendente de confirmación por parte do centro.

II. Confirmación de praza de matricula

Unha vez efectuado o pago da matrícula, o/a alumno/a deberá presentar na secretaría da escola o resgardo da matricula efectuada e o resgardo de ter efectuado o pago na entidade bancaria (ou do pago telemático se é o caso).

Despois de que o/a alumno/a presente a documentación na secretaría no centro, a EOI accederá á plataforma Centrosnet cos seus datos de identificación da EOI para confirmar a reserva e validar así a matrícula do/a alumno/a.

O pago da matrícula deberá efectuarse nos prazos establecidos, e calquera pago efectuado fóra de prazo levará á anulación da praza reservada.

O/a alumno/a deberá a presentar a validación do pago na secretaría do centro no prazo de matrícula indicado. De ter pagado as taxas pero non entregado o resgardo na secretaría da escola, a reserva de praza tamén quedara anulada.

Finalizado o prazo de confirmación, as prazas non confirmadas pola secretaría do centro quedarán automaticamente anuladas e polo tanto liberadas para o seguinte proceso de matrícula ou listaxe de espera, e o/a solicitante perderá calquera dereito sobre a reserva da súa praza.

4. Presentación de documentos

Se o/a solicitante ten algunha situación especial que requira a presentación de documentación, deberá facelo de maneira presencial na secretaría do centro.

O alumnado con dereito a redución de taxas poderá efectuar a súa matrícula en liña, pero terá que aportar a documentación xustificativa na secretaría da escola para proceder á formalización da matrícula.

5. Descarga á aplicación da escola (CODEX)

Unha vez rematado o proceso de matrícula en Centrosnet, os datos serán descargados á aplicación informática da escola (CODEX) e quedarán integrados co resto de expedientes.